

**Asunto:** Baixa de asociacións estudiantís do Rexistro de Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña (RAE)

## ANTECEDENTES

Con data 02.05.2023 publicouse na Sede Electrónica da Universidade da Coruña (UDC) a relación de asociacións estudiantís que, en cumprimento do Regulamento de Asociacións de Estudantes da UDC, debían actualizar os seus datos antes do 01.09.2023

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Vista a lexislación aplicable:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro)
- Regulamento de Asociacións de Estudantes da UDC, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 19.12.2005 e modificado na sesión do 26.11.2009

Revisada a documentación presentada polas distintas asociacións, non consta nesta Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade a actualización dos seus datos de tres asociacións, tal e como é preceptivo,

Polo exposto, esta Vicerreitoría resolve:

Dar de BAIXA no RAE as asociacións que a continuación se relacionan,

Delegación Alumnos EPS Ferrol  
Escola de Tempo Libre  
Freaksparty

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, de conformidade co disposto no art. 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas interesadas poderán interpor un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución na Sede Electrónica da UDC.

Asinado no lugar e data indicados na sinatura dixital

María José Lombardía Cortiña  
Vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade,